



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE ABRIL DE 2012.-

<u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. <u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. D^a M^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. +D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. <u>Non asiste con excusa:</u> D. EMILIO MESIAS FARIAS. <u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dezaioito horas e vinteseite minutos do día vinteseis de abril de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
--	---

PUNTO 1º.- DECLARACION INSTITUCIONAL EN APOIO O FUTURO DOS ASTELEIROS DE NAVANTIA NA RÍA DE FERROL.

O Sr. Alcalde-Presidente: Temos iniciativa dunha Mancomunidade de Municipios integrada polos Alcaldes que forman parte da mesma, e 21 en total porque ó final da mesma se incorporaron o que é o apoio do sector naval, todos os Alcaldes do que é Ferrolterra, e en consecuencia eses 21 Alcaldes reunidos poñense de acordo nunha Declaración Institucional, co compromiso de que os Sindicatos lle den o apoio, en consecuencia efectivamente na Mancomunidade cando remata todos alí presentes, esbozamos unhas liñas que diron lugar a este texto que logo se pasou ós Sindicatos, concretamente ó comité de empresa, e bueno o Comité de Empresa fixo as indicacións que considerou oportunas, e nese sentido a declaración institucional temos unha primeira declaración e tra-lo coñecimento do Comité de Empresa pois a matizamos porque o obxectivo é nin máis nin menos que actuar en conxunto e en consecuencia que o texto dos 21 Alcaldes estivera perfectamente armonizado coa pretensión do Comité de Empresa, o Comité de Empresa loxicamente insta á Mancomunidade a que lle de o apoio, a Mancomunidade fai un texto o pasa ó Comité de Empresa o matiza e loxicamente os 21 Alcaldes de Ferrolterra, asumimos como texto final o que a continuación paso a leer:



A grave situación do sector naval na ría de Ferrol constitúe unha seria e fonda preocupación para o conxunto dos veciños e veciñas de Ferrolterra, Eume e Ortegal e, por extensión, para os seus representantes públicos en todos os Concellos das tres comarcas.

A aguda crise que atravesan os estaleiros de Navantía Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen a hoxe en día practicamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral, que ten manifestado a súa inquedanza con varias mobilizacións masivas que de non variar a situación repetiranse, pois está en perigo un sector extratético para o presente e o futuro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

As vinte e un Corporacións Municipais que refrendamos esta declaración institucional advertimos de que a carencia de novos contratos que garantan a ocupación nos estaleiros da ría así como as limitacións produtivas no ámbito da construción naval civil e das reparacións suponer unha seria ameaza para o futuro do naval, un sector que é irrenunciable para todos nos. Máis aínda cando neste momentos o número de parados en Ferrolterra,, Eume e Ortegal supera por primeira vez a cifra das 20.000 persoas.

Por todo isto, e entendendo que o porvir das tres comarcas ten un dos seus eixos no naval, os Concellos que subscribimos esta declaración nunca nos resignaremos a contemplar o desmantelamento e a morte por inanición do sector naval na ría ferrolá nin a ningún proceso máis de prexubilacións, que supuxeron sempre na noxa historia a destrución de emprego.

Os representantes públicos municipais de Ferrolterra, Eume e Ortegal apostamos con esta acción conxunta por uns estaleiros que representan o pasado, o presente e o futuro das nosas comarcas. Para elo, fronte á difícil situación do naval, os Concellos abaixo asinantes reclamamos con urxencia os seguintes puntos:

- 1.- Manter unha entrevista co presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), conxuntamente cos representantes sociais e económicos de Ferrolterra, Eume e Ortegal.
- 2.- A construción do dique flotante e a reactivación da xestión comercial co obxectivo de conseguir novos contratos que garantan carga de traballo para os estaleiros da ría ferrolá, que é a verdadeira preocupación dos nosos veciños.
- 3.- A elaboración dun plan industrial para os terreos sen uso da planta naval de Fene.



4.- O levantamento do veto produtivo imposto pola Unión Europea sobre a antiga Astano até o ano 2015, e que impide que dito estaleiro poida adicarse á construción naval civil sen limitacións de ningún tipo.

5.- O nomeamento da nova presidencia de Navantía.

6.- Instar ás organización políticas a buscar o cumprimento e seguimento destes obxectivos.”

SR. Alcalde: coa finalidade de aprobar este texto todos xuntos nun pleno extraordinario a celebrar no mesmo día e na mesma hora, pois estamos hoxe aquí xoves as 18,00 horas, para precisamente levar a cabo a aprobación desta declaración conxunta, que fixemos o luns da semana pasada no Concello Ferrolán os 21 Alcaldes de Ferrol, Eume e Ortegal.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Fernandez Permuy: Nos vamos a presentar unha emenda á totalidade dos puntos, porque nos non compartimos esta Declaración Institucional e polo tanto vamos a presentar unha emenda.

Sr. Alcalde estábamos alí todos e estaba o Alcalde de San Sadurniño e o Alcalde de Mugardos.

Sr. Fernandez Permuy, por eso mesmo vamos a presentar a emenda.

Sr. Alcalde os que estaban alí non presentaron nada.

Sr. Fernandez Permuy, pero foron a escoitar.

Sr. Alcalde: eu non sei se eres consciente de que rompes unha unidade de acción.

Sr. Fernandez Permuy: O Grupo Comarcal do BNG é o que vai a presentar emendas non so aquí neste Concello, o vai facer nos Concellos da Comarca.

Sr. Alcalde: E os Alcaldes o saben.

Sr. Fernandez Permuy: claro que sí.

Sr. Alcalde: e que senón eu perdo o tempo, non ten sentido ir a unha reunión con 21 Alcaldes estar alí 3 horas salir todos con este acordo e agora que un dos grupos.

Sr. Fernandez Permuy: ti sabes o que vai a tratar a nosa emenda.

Sr. Alcalde: digo que me sorprende, porque efectivamente este é un texto que aprobamos 21 Alcaldes, entre eles dous do Bloque.



Sr. Fernandez Permuy: Eu supoño que cando me dan do Comarcal unha emenda, será consensuada cos Alcaldes do Bloque.

Sr. Alcalde, e que estaban alí, estaba eu diante.

Sr. Fernandez Permuy, ben pero volvo a dicir, eu os datos que teño que está emenda se lle trasladou o Alcalde de Ferrol o mercores para variar o texto, e non o variou, enton nos vamos a presentar esta emenda, e quen este de acordo que a vote, e quen non que non a vote.

Primeiro dicir que a Declración Institucional que tiñamos nos non é a que leiches ti era outra, esta Declaración Institucional cando menos habería que ter a delicadeza de cambiarlle o membrete do Concello de Ferrol.

Sr. Alcalde: E que haber é o Presidente da Mancomunidade, vamos por partes, o Comité de Empresa, insta o Alcalde de Ferrol como Presidente da Mancomunidade, para que nos reuna os Alcaldes da Mancomunidade, e o resto das tres Comarcas para facer esta Declaración, a representatividade do Alcalde de Ferrol, non a dou eu a da o Comité de Empresa, eu veño aquí co que me mandaron, esto o mandaron e eu me comprometin a traelo aquí.

Sr. Fernandez Permuy: Vou a pasar a defender a nosa emenda a totalidade, intentarei ser o máis breve posible.

Os acontecementos dos últimos días non fan máis que constatar que estamos diante da recta final dun calexon, según todo apunto sen saída, por mor dunha estratexia político Sindical sobre de todo dos partidos de ámbito Estatal e Sindicatos e que o BNG e o Nacionalismo no seu conxunto debe de facerlle fronte cunha oposición activa e valente, na teoría pero tamén na practica, nesa prespectiva é evidente que o BNG non so ten o dereito senón máis ben o deber de sair desta nova manobra de confusión, non so por non rematarmos nun proceso claramente fraudulento senon fundamentalmente por ofrecer á Sociedade comarcal unha referencia na defensa do Naval, levantamento do veto e da crítica da actitude política dos partidos de ámbito Estatal, dando unha venda descarada do noso futuro. Sen retrotraernos moi atrás podemos situar o punto de inflexión na mobilización do pasado día 6 de novembro, o BNG fixo daquela unha declaración baixo a consigna de que a unidade que había que construír era aquela que forzase o cambio nas decisión políticas, e non aquela que se facía para a foto, pendulando as pancartas coas consignas que logo eran negadas nas decisión políticas nos mesmos partidos no Goberno Galego e o Estado. A cidadanía falou daquela con moita claridade e contundencia, máis esa unidade social non é tal no plano político, e mesmo había que dicir no Sindical, compre facer unha pequena volta atrás no tempo para lembrar que a nosa Comarca chegou a este estado de cousas porque os partidos estatais levan máis, dun cuarto de século sen asumir que o sector naval da Ría é estraxico para para a comarca, e consecuentemente sin implementar as medidas que procederían no plano político para facelo viable, primeiro foi o desmantelamento de ASTANO, logo a imposición do



veto, a practica limitación para a construción naval para NAVANTIA máis tarde, e a negativa de dotar á Ría de carga de Traballo finalmente, a situación na que agora estamos é sen dúbida, unha secuencia máis nese proceso calcudo de xeito preciso, aínda que falla por saber se será o último ou o derradeiro, nunha palabra debemos de concluir que según aquela mobilización dos compromisos teóricos do PP para arbitrar solución: Construción do Dique, proxecto estratéxico para o naval da Ría, asumidos desde o PP a día de hoxe nomeadamente nas Contas da Xunta e do Estado, para este ano non se teñen concretado ningún deles, e é evidencia de que non existe esa vontade política, e non serve seguir apelando a unha suposta unidade cando a parte executiva, que ten que asumila non está disposta a facelo, nunha palabra os cinco meses pasados desde a última mobilización comarcal na defensa do Naval son a proba do algodón, para sabernos claramente que o Partido Popular, non se vai a comprometer co Naval da Ría de Ferrol, máis unha cousa é perseverar no erro, e outra pretender arrastrar a toda unha comarca nesa estratexia suicida, seguir apelando á unidade das forzas políticas para defender un dique, logo que se incumplan os acordos expresados non so perante a sociedade senón e Sede do Parlamento, por parte do PP ou mesmo lanzar nunha assemblea de traballadores a mensaxe de que non hai que politizar o tema do Naval, cando é unha situación política a que nos levou a esta situación e sería outra a que nos podería sacar da mesma.

O Sr. Alcalde: sería bo que te centraras nas diferencias entre as dúas.

Sr. Fernandez Permuy: se me deixas acabar.

Sr. Alcalde: eu te deixo rematar, o que non te deixo e dar un mitin, xustifica a emenda, e se é unha emenda xustifica o que emendas.

Sr. Fernandez Permuy: en resumo que a respecto da actual situación e das razóns, a respecto das declaracións que se trasladan os Plenos, primeiro indicar que a primeira proposta que traslada o Concello de Ferrol, mellor dito o goberno municipal, nin recolle nin moito menos consensua as cuestións que foran expresadas na reunión celebrada nas escaleiras do Concello de Ferrol, o pasado 12 de abril. Segundo a proposta que se fai combina a reiteración da declaración a respecto de cuestións que temporalmente están superadas, cunha calculada manobra de evasión de responsabilidades dos gobernos de darlle cumprimento o levantamento que levamos tempo reclamando, pídese o dique como si o problema que temos agora non fose precisamente que nin a Xunta nin o Goberno do Estado orzamentan un so euro para facelo, falase da elaboración dun Plan Industrial para o Naval da Ría, como se o problema agora non fose que a Xunta ten incumplido o compromiso de presentalo feito hai máis dun ano; aumentase o tema do veto na Unión Europea, como se o problema real non fose que a estas alturas, o Partido Popular nin antes o PSOE teñan asumida a negociación do levantamento do veto como unha cuestión prioritaria na axenda política, mesmo a pesar dos numerosos compromisos políticos institucionais sobre o tema, acordese instar as organizacións políticas a buscar o cumprimento dos obxectivos ante ditos como si o problema non fose precisamente o fraude e burla permanente que se lle fai ó conxunto da sociedade comarcal o



negar a viabilizar nos gobernos as medidas políticas que prometen en Ferrolterra, en base ó anterior a postura que facemos dende o BNG centra o tema no que estamos o do cumprimento dos compromisos nomeadamente nos orzamentos e precisa as cuestión que son verdadeira mente urxentes e necesarias, ademáis debemos de insistir en que o contido da mesma, desta emenda, esta avalado polo consenso que se deu ó respecto deses mesmos acordos no Pleno do Parlamento Galego do pasado 29 de febreiro, a instancias dunha proposta do BNG, polo tanto quedou explicada a nosa emenda, creo que queda bastante recollida cales son as diferencias e nos entendemos que esta é unha estratexia, do Alcalde de Ferrol, que canto menos foi vergonzoso o que fixo, na reunión do 12 de abril, de recibir ó Comité de Empresa nas escaleiras do Concello de Ferrol, e non soamente ó Comité, os representantes políticos, polo tanto nos entendemos que para a foto xa estivo bastante a cidadanía, agora teñen que darse pasos en compromisos, e son os compromisos que vimos dicir aquí, dando lectura á emenda:

EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A SITUACIÓN DO SECTOR NAVAL.

1.- Esixir a celebración dunha entrevista urxente có presidente da “Sociedad Estatal de Participaciones Industriales (SEPI) conxuntamente cós representantes sociais, políticos e económicos de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

2.- Demandar do goberno do estado:

2.1 A consignación necesaria dentro dos orzamentos xerias de 2012 para a construción do dique flotante, a realizar por Navantia Ferrol-Fene.

2.2.- Desenvolver unha intensa actividade comercial que incida na promoción das capacidades e competitividade de navantia e sinaladamente dos estaleiros da ría de Ferrol, buscando a captación de contratos que xeren carga de traballo.

2.3.- O inicio inmediato de negociacións na UE para conseguir o levantamento do veto á construción naval civil nos estaleiros da ría de Ferrol.

3.- Demandar do Goberno Galego:

3.1.- Que, en cumprimento da Proposición non de Lei aprobada por unanimidade no Parlamento Galego o pasado 29 de Febreiro, se presente o proxecto de Centro de Reparacións Navais na ría de Ferrol, comprometido polo Presidente da Xunta no coñecido como “contrato con Ferrol”.

3.2.- Dar cumprimento efectivo da Lei 4/2010, de 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, nomeadamente do seu artigo 4, para o cal deberá presentar no Parlamento Galego unha proposta concreta.



4.- Demandar das organización políticas, nomeadamente das que teñen responsabilidades de goberno, o cumprimento íntegro e inmediato das demandas da comarca a respecto do sector naval e, nomeadamente, os asumidos por unanimidade no Parlamento Galego.”

Interven o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu estou moi sorprendido, xa o escoitei hoxe ó mañá antes de vir para aquí para o Concello, de que o BNG ía a presentar emendas nos Concellos, eu nestas cousas son moi extricto, e proba evidente que no Pleno da mañá, aprobamos o tema de que se trouxera a declaración institucional das Fragas do Eume, eu pedín a Deputación que se me dera constestación da Moción presentada tanto polo PSOE como polo BNG, e se me remitiu a un documento institucional, que estaba asinado polos tres grupos políticos, e entónces evidentemente se hai un acordo político de tres forzas políticas que son as que gobernan, que son as que representan, neste momento practicamente toda Galicia pois creo que os demais non temos nada que facer, neste caso pois exactamente igual eu creo que aquí, e senón que o Alcalde me corrixa, participaron os 21 Alcaldes da Comarca os Sindicatos representativos da Comarca, e os representantes económicos e as asociación de empresarios creo que vir aquí e presentar unha emenda dun documento, eu non vou a ser quen, eso que moitas cousas do que se demanda aquí aparte da exposición de motivos que fixo o voceiro do BNG, practicamente os puntos están recollidos na Declaración Institucional máis resumidos a emenda que fai o BNG se estende un pouco máis pero que veñen a dicir o mesmo e creo que nos non vamos a ser quen de rectificar un documento institucional que está pactado e negociado por como dixeran anteriormente polos Sindicatos, Os Alcaldes, e os empresarios, creo que teño unha pregunta, porque se nos dixo por parte do Alcalde que esta emenda podía ser rectificadora, teño a curiosidade se foi feita polos Alcaldes ou por os Sindicatos, eu creo que tivo que ser por parte dos Alcaldes, porque vendo a rectificación, creo que foi feita polos Alcaldes, e digo isto porque eu tiven que vivir cando foi xa que nos tocou vivir no ano 2001- 2002 os outros temas que nos deixaron os Alcaldes fora, e despois tivemos que ir os Alcaldes da Comarca individualmente a presionar e negociar a Madrid porque o goberno tomou a decisión de negociar soamente cos Sindicatos, creo que a rectificación está ben, en todo momento teñen que estar os Alcaldes que son os que representan o poder público na Comarca, e nos non podemos dicir de outras maneira que nos parece ben a rectificación e non vamos a cambiar nin unha coma porque está pactado como dixeran anteriormente e que nos aquí isto é unha declaración institucional, guste ou non guste, eu sei que ten representación o BNG , o BNG en todo momento debería de presentar estas alegacións no seu momento nas reunións que houbo e non se pode vir os Plenos hoxe a presentar isto porque me parece de mal gusto, parece que vamos divididos a facer unhas reivindicacións na Comarca, convocar os Plenos á mesma hora e andar debatindo agora mesmo isto me parece que non é nin o momento e perder o tempo porque é unha debilidade que vamos a asomar, por parte dos que fixeron que estiveron traballando nesto vaise ver unha debilidade que parece que non hai unidade, creo que o fin todos queremos o mesmo e o texto sexa máis ou sexa menos practicamente é o mesmo e por respecto a quen negociou todo isto



deixalo tal e como esta, entonces nos vamos a aprobar a declaración institucional que se trae aquí que esta aprobada por todos é a vamos a respaldar.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que no punto núm. 4, o de o acordo negociado polos 21 Alcaldes, a redacción orixinal decía o levantamento do veto productivo previsto pola UE sobre a antiga ASTANO ate o ano 2015, e que impide que dito Asteleiro poda adicarse a construción Naval Civil sen limitacións de ningún tipo. Alí todos quedamos de acordo que este texto se ía a enviar ó Comité de Empresa, e de acordo coas indicacións do Comité de Empresa o punto núm. 4 queda “levantamento de todas as limitacións, impostas por Bruselas, á construción Naval a NAVANTIA”. En consecuencia esto é o que efectivamente se consensuou, por parte dos 21 Alcaldes, o Alcalde de San Sadurniño, quixo loricamente introducir na Declaración Institucional algúns dos puntos que presenta a emenda do Grupo Municipal do BNG e alí se dixo que non, e normal se somos 21 hai que consensuar, non se pode facer o que un quere nin dous, entonces o punto fundamental era a inclusión dentro dos presupostos xerais para o ano 2012, dunha partida para a construción do dique flotante, o que choca directamente coa prohibición de inxectar diñeiro público efectivamente os Asteleiros, no último goberno de Aznar vivimos unha situación, motivada efectivamente polo incumprimento desta prohibición, que loricamente se traduxo de forma de sancións de ter que devolver o diñeiro e dun follón morrocotudo, entonces quedou clarísimo alí que a SEPI ten o seu accionariado, a SEPI é unha empresa pública, e nos lle pedimos o dique e carga de traballo, a carga de traballo so se consegue con xestión comercial, e o dique terá que ser o accionariado da SEPI o que diga como, ampliación de capital amortización de bens de equipo a través de financiación ou o que eles busquen pero evidentemente quedou claro alí que nos poderíamos indicar a maneira de facelo porque nos facemos a demanda que nos fagan o Dique e nos traigan carga de traballo, e que eles busquen como, entonces a inclusión das partidas nos orzamentos quedou expresamente rechazada porque non é posible, entonces o que non ten sentido é sentarse a consensuar dúas horas, saír de alí pensando que está consensuado e logo resulta que non está consensuado. Os Alcaldes do Bloque saíron desa reunión, primeiro debatiron os escoitamos, discutimos, debatimos, e o final aprobamos, se o final eso non serve para nada e que para eso non perdemos o tempo, porque si o final se ten que consensuar o que decides vosoutros, o que din dos Alcaldes de 21, nos pegamos un tiro nunha perna como Froilan, non ten sentido Angel, eu non me sinto ben efectivamente con esta situación, vamos 21 Alcaldes negociamos un texto os dous Alcaldes do BNG defenden unha serie de puntos que se debaten, o que acordamos alí lle da o visto bo o comité de empresa, e resulta que a vosoutros non os vale, sobra a reunión, eu si vou a unha reunión e sallo co compromiso de que se defenda o que se acordou alí, pero aceptamos o dos 21 Alcaldes ou son 19, porque si son 19 pois son 19, a min me parece absurdo que despois discutindo alí estes puntos os traigan igual, entonces para que se fixeron as reunións, eu creo que o argumento é a mín non me vale me vou, e xa sabemos o que hai, pero saímos de alí cun texto que se envía o Comité de Empresa e o Comité de Empresa nos do o OK. Terra Galega, PSOE, BNG e PP e Monfero que é Independiente, salimos de alí os 21 sabendo que os únicos que podían apuntillar esto éra



NAVANTIA, non o BNG, os únicos que podían facer suxerencias a partir de que rematou a reunión dos Alcaldes era NAVANTIA, e NAVANTIA as fixo e traemos o que lle deu o visto bo NAVANTIA. Entón hai unidade de acción ou non hai unidade de acción, se non existe o momento de cuestionala non é agora, era o luns, os Alcaldes d Bloque se levantan e se van, eu creo que efectivamente isto non é normal.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Boas tardes e grazas, non pensaba intervir porque creo que non daba para máis, sobre todo se temos en conta a declaración de onde ven avalada quen a ampara, quen a rectifica, eu creo que eso si empezamos a cuestiónalo vamos mal, a min lamentablemente viña coa idea de non intervir, un Pleno de 5 minutos leer a declaración darlle a conformidade. Eu seguramente non son a persoa máis idónea para poñerme a criticar isto, non teño os datos que teñen o mellor outras persoas, pero si o sentido común me fai chegar, que rompendo a acción neste tipo de situacións un problema tan serio como o que temos, que están os Asteleiros sen carga de traballo ningún, empezar cun tema partidista para ter certo protagonismo eu creo que non é a mellor maneira de actuar, de verdade o digo como o sinto, creo que hai que ser respetuoso coas institucións que nos representan a todos, se toman os dictámenes ahí e hai que acatalos, eu creo que si un Alcalde fai unha proposta na reunión, sae un dictame no que non se fai caso, creo que hai que acátalo flaco favor se lle fai.

En canto a exposición de motivos que fai o exponente da emenda, eu creo que non é o momento agora de empezar a votarnos en cara, porque aquí todos os partidos teñen que ver neso, os que tiveron responsabilidade en gobernos anteriores, o goberno Central este leva desde decembro, houbo outro anterior, hai catro anos houbo unha Xunta onde formaba parte tamén o BNG dela, e sabemos que a carga de traballo por outro lado esta a cero, practicamente en sete ou oito anos non se fixo ningunha contratación comercial, entón hai unha xestión política por todo o mundo, eu creo que empezar agora a votarnos en cara todo este tipo de actuacións non vamos ir a ningún lado, non conduce a ningún lado, esa é a miña opinión, e a teña que manifestar aquí porque penso que non é agora o momento de empezar coas divisións, e sobre todo dos posicionamentos partidarios, por tanto creo que non debíamos de debater o tema, deberíamos ser respetuosos coa proposta que sae dos órganos, porque si estamos representados ahí temos que respetalos, creo que este é un mal exemplo e perdóname pero esta é a miña opinión, e a teño que dicir senón me ía ben, polo tanto eu creo que debemos de respetar a declaración institucional que ven avalada polo sindicato, polo comité de empresa maioritario me imaxino, polo tanto eu vou a defender a posición institucional e darlle para adiante, e a verdade que lamento moito intervir, non pensaba dicir nada neste sentido pero o teño que dicir, moitas grazas.

Sendo as 18 horas e 58 minutos, auséntase do Salón de Sesións a Sra. D^a Josefina Martínez Martínez.



Interven o Voceiro do BNG Sr. Fernandez Permuy: Entón nesa reunión o Alcalde do Bloque Secundino, puxo enriba da mesa estes puntos, enton algo dixo, en segundo lugar, non temos claro que esto se trasladase ó Comité, e que o Comité en xunta ou pleno do comité aprobará cada un dos puntos, e en todo caso aquí falamos de roptura, de non consenso, e que estamos ata as narices dos consensos, estamos ata as narices de ir nas pancartas cando tocan eleccións, e de utilizar a Comarca de Ferrol como renda de votos, eu pesoalmente estou ata as narices, o tema do Naval se leva utilizando na Comarca de Ferrol 25 anos, e o utilizaron todos, non moitos senón todos, aquí a emenda que se presenta e consignación dentro dos orzamentos do 2012, de quen é NAVANTIA, non é da SEPI. A emenda que se presenta a día de hoxe é tamén consensuada con Secundino e con Barcia, eu me nego a seguir participando en manifestacións que non valen para nada, e levamos aquí feitas un lote delas, hai 5 meses o 6 de novembro fixemos unha e fumos todos da máñ, pedindo que se solucionara o tema de NAVANTIA, houbo un acordo no Parlamento Galego que a Xunta non cumpriu, quen rompe a unidade, a rompe quen non cumpre, a min o que me doe moito son as familias do Sector Naval que están jodidas, eso é o que me doe moito, e cando as decisións políticas non se queren tomar por intereses, e algún día alguen nos terá que explicar porque. Polo tanto e moi democrático, nos presentamos unha emenda, se vota si ou non.

O Sr. Alcalde: O luns convocan os Alcaldes da Mancomunidade e estamos alí 21 Alcaldes, de todos os cores políticos, e con toda a liberdade do mundo discutimos sobre este tema, non o discutimos porque consideramos que somos imprescindibles, somos un apoio importante, pero non somos imprescindibles, pero si somos un apoio para as reivindicacións dos traballadores, dos sindicatos e do Comité de Empresa, no Comité de Empresa si están representados todos os Sindicatos, e efectivamente o Presidente do Comité de Empresa que ostenta a representación pide a intervención dos Alcaldes, e os Alcaldes efectivamente dicimos que sí, pero non a piden de maneira abstracta, non van por todos os Concellos e presentan un papel, veñen a falar con todos os Alcaldes, o Presidente do Comité de Empresa ó frente, e en todos os Concellos os atendemos e nos dan un papel, e nos piden efectivamente axuda pero non nos piden axuda de calquer maneira, nos piden axuda na Mancomunidade, que a preside o Alcalde da cidade cabeceira de Comarca, que tampouco é porque sexa casualidade, e nos nos plegamos a ese recorrido que se nos marca, e o Alcalde de Ferrol nos convoca e non nos pon ningún bozal, dicimos o que nos da a gana todos, pero impera atopar un punto en común, impera o consenso, e despois de discutir todos os puntos que alí a xente foi libre de poñer os que lle deu a gana, chegamos a un acordo que é esta declaración institucional, e acordamos non sometela a ninguén, nin o Grupo Comarcal do Bloque nin o Grupo Socialista, decidimos non sometela máis que ó Comité de Empresa, e o ali acordado entre todos, porque ó salir nos unía esta declaración, todos o condicionamos única e exclusivamente o OK de quen nos pediu efectivamente o apoio, e o salir de alí se lle remite ó comité de Empresa, o Comité de Empresa suxire unha modificación do punto 4, e como a condición que puxemos é que o aceptara o Comité de Empresa, se acepta a modificación do punto 4 sen ter que volvernos a reunir porque é o que acordamos todos, e ademais acordamos que o xoves as 6 faciamos un Pleno



Extraordinario todos para aprobalo, e agora se rompe efectivamente esa unidade, eso é o que estou poñendo enriba da mesa, non é normal que o Bloque participe en algo e que despois non este disposto a respetar, non é normal que participe nunha reunión cuio resultado non vai a asumir, non é normal, que participe nunha reunión condicionando a un Comité de Empresa que vai dar o OK, non é normal que o Bloque participe nese itinerario cando non o quere, eu non sei o que esta pasando no resto dos Concellos e se estase a perder a unidade de acción, me imaxino que o Bloque estará a facer isto en todos os Plenos, entóns dille a teus Alcaldes que non vaian a ningunha reunión, senón están dispostos a asumir o resultado da mesma, porque nesa reunión eramos 21, eu polo menos dixen o que quixen, e o resultado o acatei, por certo me convocou a quen lle pediron que me convocara, e me enviou a declaración quen quedamos que a enviara, eu outras cousas non as entendo, ata as narices estamos todos, e dicir o Consello de Industria quería a privatización de NAVANTIA-FENE, con Barreras ti imaxinate se efectivamente se chega a dar aquel caso, cando Fernando Blanco saía un día tras outro dicindo que a solución de NAVANTIA FENE era a privatización, e que o grupo Barreras se fixera cargo da mesma. Eu efectivamente sei a opción do meu grupo, o meu grupo defendeu sempre Asteleiros públicos, con todos os erros que poido haber, e mentres se gobernou houbo carga de traballo, se acabou a carga de traballo, pois non é Zapatero o que ten que seguir buscandoa, mentres gobernou Zapatero houbo carga de traballo, non foi nin un home para casa e os Asteleiros foron públicos, estiveron os Noruegueses, tivemos sorte, pois hai que seguir a buscar a xestión comercial, ademais os traballadores reivindicán o levantamento do veto e a construción dun dique para entrar de maneira máis competitiva no mercado das reparacións de barcos dos que o seu volumen impiden que sexan atendidos nas condicións que nestes momentos presentan os nosos Asteleiros, eso é o que acordamos os 21, entóns para que nos reunimos, nesa situación votamos e san se acabou.

Sr. Fernandez Permuy, o que pedía a Consellería de Industria é a ocupación dos terreos ociosos, de ASTANO non a privatización de ASTANO.

Sr. Alcalde o que se pedía era a privatización para Barreras que de aquela tiña moito traballo, e os dous anos presentou suspensión de pagos e entrou en quebra.

Sometida a votación da emenda do BNG o Concello Pleno por 1 voto a favor (1 BNG) e 10 votos en contra (6 PSdeG-PSOE, 3 PP, e 1 NAL), e a abstención da Sra. Josefina Martínez Martínez por non estar presente, acorda rechazala emenda do BNG antes transcrita.

Seguidamente sometese a votación a Declaración Insitucional, e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, 3 PP, E 1 NAL), 1 abstención da Sra. Josefina Martínez Martínez por estar ausente, e 1 voto en contra do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos do día ó comenzo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,